



«Falarase para honra dela, do que acaba de facer» (Mt 26, 13)

Manuel Regal Ledo



Existe unha percepción xeral na Igrexa, desde as súas comunidades parroquiais, de que a celebración da Misa ou Eucaristía é con frecuencia maltratada. Non se realiza ben e, en consecuencia, acaba sendo un acto de culto anódino (insulso, sen graza, inofensivo, sen substancia –di o dicionario), aburrido, morto, que non di nada, que non engancha á xente, e que, por iso mesmo, está sendo abandonado por boa parte da poboación católica que en principio aínda se considera tal. No entorno rural inmediato de quen isto escribe, falamos dun 7% da comunidade parroquial que participa na celebración dominical, cando esta se celebra, que non é normalmente máis ca unha vez ao mes; aínda que si, a presenza é masiva nos frecuentes funerais. Sendo isto así –e parece que debemos aceptar que así sexa, coas moitas excepcións que poida haber–, estamos ante unha realidade ben desconcertante: aquilo que consideramos teoricamente como «fonte e cumio» da existencia cristiá sofre un deterioro tal que non acaba sendo nin fonte nin cumio de case nada para a vida. Tremendo!

1.- Algúns porqués de todo isto

Enfrontadas as comunidades cristiás a unha descualificación práctica de tal nivel, sería ben normal que se remexese Roma con Santiago para atopar os porqués e ver de endereitar a situación. Seguro que os tres estudos ofrecidos neste número de *Encrucillada* nos axudarán nesta tarefa urxente. Nesta nosa achega non queremos triparlles o camiño, pero si subliñar aqueles aspectos que máis poden xustificar a proposta que queremos presentar para revitalizar as celebracións cristiás.